



DOCUMENTOS NECESARIOS PARA REALIZAR A SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Fotocopia do DNI do alumno/a ou certificado de nacemento.
- Fotocopia completa do libro ou libros de familia.
- Certificado de matrícula do curso actual.
- Fotocopia da solicitude de admisión unha vez cuberta.
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e o convenio regulador onde conste a custodia do menor, de darse o caso.

Acreditación de irmás/irmáns matriculados no centro (art. 20)

- Fotocopia da resolución da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar (no caso de menores en situación de acollemento)

Acreditación de nai ou pai, titora ou titor legal que traballe no centro educativo (art. 21)

- Documento acreditativo expedido polo propio centro educativo

Acreditación do domicilio familiar na área de influencia do centro ou na área limítrofe (art. 22)

- Certificado do Padrón municipal expedido no ano actual (antigüidade no padrón mínima dun ano) Se non coincidise o domicilio familiar co fiscal, deberá presentar a seguinte documentación complementaria:
 - Copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar.
 - Contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa solicitante na vivenda declarada como domicilio familiar.

Acreditación do lugar de traballo da nai, pai ou titor/a legal na área de influencia do centro ou na área limítrofe (art. 22)

- Documento expedido para o efecto polo empregador xunto cunha copia de contrato de traballo (para traballadores/as por conta allea)
- Alta censal inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as modificacións posteriores e as altas na Tesouraría Xeral no Réxime de Seguridade Social (para traballadores/as por conta propia)
- Certificado da Xefatura de Persoal correspondente (para persoal ao servizo das administracións públicas)

Acreditación da renda anual da unidade familiar (art. 23)

- Autorización do pai, nai ou titores legais para a comprobación, por parte da Administración Educativa, do domicilio fiscal e da renda da unidade familiar, asinada coa solicitude de admisión. No caso de non facer a declaración da renda terán que presentar un Certificado de Imputacións del I.R.P.F. do 2019.

Acreditación da condición de familia numerosa (art. 24)

- Fotocopia do título oficial de familia numerosa en vigor ou do carné familiar galego ou da copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.

Acreditación da condición de familia monoparental (art. 25)

- Certificado de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.

Acreditación da condición de discapacidade (art. 26)

- Certificado do ditame sobre discapacidade igual ou superior ao 33% no alumno/a, pai, nai, titor/a legal ou irmáns emitido polo órgano competente da Administración pública.

Acreditación do criterio complementario (art. 28)

- Fotocopia das cualificacións dos dous cursos anteriores ao actual.

Acreditación do expediente académico para o acceso ao BACHARELATO (art. 27)

- Fotocopia das cualificacións de 3º da E.S.O.